

ACTA ASEMBLEA ORDINARIA 17/06/2023

Acta da Asemblea Xeral Ordinaria, celebrada en Vigo o dezasete de xuño de 2023, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, coa asistencia dos seguintes membros asembleístas:

ASISTENTES	ESTAMENTO
D. Andrés Senra Pregal	Club Atl. Novás
D ^a Belén Mariño Taboada	Club Balonmán Lalín
D. Guillermo Martín Sánchez Álvarez	Club Bm. Seis do Nadal
D. Pablo A. Rodríguez Castro	Club Bm. Tui
D. José Francisco Armesto Pin	Club Bm. Reconquista de Vigo
D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
D. Jesús López González	Club Balonmán Atl. Guardés
D ^a María de los Ángeles Torres Esperón	Club Poio Artai
D ^a Monserrat Rey Salorio	Club Bm. Atlántico
D. Ismael Lago Rodríguez	Club Bm. Cañiza
D. Luis Martínez Mosquera	Club Arteixo Bm.
D. José Deus Losada	Club Bm. Pontedeume
D. José Ricardo Vázquez García	Club Bm. Ribadosar
D. Wallace Moreira de Salles	Club Sanxenxo Bm.
D. José Luis Rodríguez Ureba	Club Bm. Arousa
D ^a Lidia Rodiles García	Club San Tirso SD
D. Víctor Novoa Carrera	Club Bm. Miño
D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
D ^a Zara Martínez Cabaleiro	Club Bm. Caselas
D ^a María Irene Vilaboa Fernández	Club Bm. Moaña
D. Emilio Pintos Soto	Club SD. Teucro
D. Javier Caamaño Agrofojo	Club Bm. Xallas
D. Aurelio Krook Moldes	Club Sociedad Atlética de Redondela
D. Alberto Mouriño Varela	Club Bm. Línea 21
D. Francisco Javier Abalde Caride	Club UB. Lavadores
D. Antonio Francisco Castro Cernida	Club Cisne Bm.
D. Óscar Fernández Martínez	Club Bm. Luceros
D. Alberto González González	Club Bm. Cangas
D ^a María González Lago	Club Bm. Chapela
D. Vicente Rúa Santos	Club AD. Carballal
D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
D ^a Ana Alonso Fragua	Xogadora

D. Juan Carlos Quintas	Xogador
D. David Iglesias Freire	Xogador
D. Víctor Rivera Diz	Árbitro
D. Pablo M. Barreiro Suárez	Árbitro

O presidente, Bruno López, seguindo coa orde do día, da a benvinda a todas as persoas asembleístas e explica o formato e funcionamento da asemblea para os novos membros.

A continuación, realiza un resumo das modificacións das propostas da Asemblea Nacional celebrada a semana pasada en Madrid.

- Aumento tarifas arbitrais
- Premios sectores nacionais
- Contratación xogadores/as División Honra Prata
- Nominación de xuvenís para Asobal
- Número integrantes grupos sectores nacionais.

Posteriormente, Bruno López comeza co informe do presidente:

- Balance económico Tempada 22-23 (situación económica).

Explica que nestes momentos a Federación ten por ingresar vinte catro mil euros por parte da Xunta de Galicia (PER), aproximadamente quince mil da Deputación da Coruña (torneo internacional), setenta e nove mil da Deputación da Coruña (5x5), dez mil dalgún concello (eventos realizados), e varias cantidades tamén da Deputación de Pontevedra, explica que na actualidade os retrasos nos pagos dos clubs son menores e iso permite que a federación, a pesar dos ingresos pendentes poida funcionar con normalidade.

- Seleccións Galegas.

O presidente fai balance dos resultados no CESA e recalca as melloras nas condicións das concentracións e en toda a loxística que engloba aos combinados galegos; deixa claro que a consecución dos obxectivos deportivos vai moi ligada aos resultados obtidos no campionato de España de clubs, no que tan só o Balonmán Lalín e categoría infantil masculina e o Balonmán Cangas en cadete feminina acadaron clasificarse para o top 8, coincidindo xusto coas categorías onde as seleccións galegas obtiveron medallas..

- Balance das competicións da tempada 22-23.

Destaca o rotundo éxito das Final 4 cunha media de asistentes de 1.000 persoas, a imaxe dos pavillóns a rebentar e o salto de calidade na organización das mesmas, di que a organización das Final 4 ademais, a parte do esforzo, tamén supuxo unha fonte de ingresos para os clubs organizadores. A parte de todo o comentado, insiste en que o feito de ter en xogo unha única praza de acceso aos sectores nacionais ou ás fases de

ascenso, foi un acerto, xa que aumentou a emoción, homoxeneizou o nivel competitivo e por suposto o interese deportivo.

O presidente insiste en que os clubs demandan as competicións prebenxamins, e a Federación Galega de Balonmán tomará conta diso, xa que na tempada actual non se ofertaron pola diversidade de obxectivos e regularidade dos clubs nesta categoría, o cal dificultaba abarcar toda a demanda baixo un mesmo formato, pero o compromiso será tentar por solución a esta circunstancia.

Por último comenta que as competicións de 1ª Autonómica, tanto masculina coma feminina están a aumentar o nivel, pero o salto faise moi difícil polo gran número de equipos e a facilidade que hai dende hai tempo para acceder a Primeira Nacional Masculina e División de Honra Prata Feminina, o cal provoca que a base sólida que se está a buscar a nivel competitivo sufra moitas arremetidas polas invitacións outorgadas pola RFEBM.

O presidente comentou que aínda que en nas competicións de Alevín 5 e Benxamín da provincia de A Coruña se deu un paso máis, este ano hai que simplificar o calendario, que a federación é consciente de que estivo moi comprimido.

- Situación Estrutural da federación.

Información sobre as saídas e incorporacións de persoal da Federación; remarcando coma baixa mais significativa a de Marisa Sueiro que era a traballadora que mais tempo levaba dentro da estrutura, e tamén comentou a de María Fresco que por cuestións persoais cambiou de sector; ademais Mila Alonso que estaba coma free lance tamén deixou de colaborar dentro do departamento de comunicación.

A federación programou contratacións puntuais para os meses de verán coincidindo co balonmán praia, coa preparación da tempada 23-24 e coas vacacións do persoal habitual; coma contratacións estables planifica incorporar antes de final de ano entre dúas e tres persoas, unha delas con perfil comunicativo e coñecementos en produción audiovisual.

Bruno López, deu información situación da Xira Galega de Balonmán Praia, clarificando que na actualidade o balonmán praia está a medrar de xeito incontrolado e cun marco de esixencias por parte dos/as participantes que non se axusta á realidade de infraestruturas nin económica; non hai praias onde se poida obter autorización para montar o número de campos que se precisan e isto vai a provocar un cambio de chip e de formato importante de cara a vindeiras campañas, insta a que os clubs e deportistas a que se vaian concienciando de que a realidade obriga a unha organización diferente, e que nestes momento a Federación Galega de Balonmán é a única en España que está a asumir unha organización tan custosa a nivel económico, loxístico e de recursos humanos.

- Proxectos Tempada 23-24.

O presidente confirmou a intención de levar o formato do 5X5 por toda Galicia; foi a medida de promoción mais eficaz que recorda en moito tempo; en todos os lugares onde se levou a cabo houbo novos/as practicantes, escola ou club.

A federación ten intención durante estes case catro anos, de por en marcha un proxecto de formación para directivas e clubs; un proxecto ambicioso que será pioneiro no balonmán e no panorama nacional.

Bruno López, insiste en que se seguirá apostando pola profesionalización dos clubs a través do Plan Corresponsables e outras iniciativas que se están a acordar con diferentes administración, a intención é crear postos de traballo de calidade que nos proporcionen a creación de escolas e promoción nos colexios polas mañás.

Outro gran reto é acadar unha mellora importante das instalacións onde os clubs levan a cabo a súa actividade, é necesario conseguir un maior investimento por parte das administracións e que os pavillóns permitan albergar eventos mais grandes que poidan aumentar o atractivo das nosas competicións.

- Seguro deportivo.

Bruno López comenta os números que se manexan de sinistralidade da tempada actual, os cales supoñen un incremento importante con respecto a outras tempadas, incide nas intervencións cirúrxicas, a frecuencia e as asistencias por urxencias; algo que fai difícil atopar ofertas que non supoñan un incremento mínimo do 20%. Nas vindeiras semanas darase mais información sobre a evolución das negociacións e comunicarse a mellor opción.

O presidente da paso ás propostas, comenta o resultado exercicio do ano 2022, fai un resumo das contas e explica que o resultado se produce pola desviación do presuposto do CESA Praia 2022, da deficiencia nas aportacións de diferentes administracións para o evento, de asumir a perda dunha subvención da Deputación de Pontevedra da cal non hai comunicación oficial de ningún tipo e da concentración da preparación de dous CESA de pista dentro do mesmo ano. Bruno López comenta que o resultado supón un toque de atención e aínda que había un colchón xa se está a traballar para reverter a situación nos vindeiros meses. Pregunta se alguén precisa algún tipo de dúbida ou aclaración e ante a ausencia de cuestións que abordar dá paso ás votacións:

APROBACIÓN DAS CONTAS.

Quedan aprobadas as Contas Anuais 2022 por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente informa do novo formato da Copa e Supercopa Galicia, comunica a data elixida para a celebración, 26-27 de Agosto. Intervén a representante do club Balonmán Atlántico para preguntar sobre o criterio de elección dos equipos que disputan a Copa Galicia de Base, tamén o fai o representante do Balonmán Luceros explicando que os criterios cree que son correctos; Bruno López confirma que son os únicos criterios xa que ninguén presentou ningunha alternativa, e propón que se faga nese mesmo momento; ninguén se pronuncia, e se procede á votación das diferentes propostas relativas ás competicións:

PROPOSTA 1: Supercopa Galicia Masculina e Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 2: Copa Galicia Masculina e Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 3: Copa Galicia Categorías Base.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente explica os cambios mais importantes con respecto a outras tempadas das proposta das categorías autonómicas:

PROPOSTA 4: 1ª Autonómica Masculina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

Bruno López explica a proposta da categoría sénior feminina. O representante do Club Balonmán Tui intervén dicindo que 10 equipos parécenlle moi poucos; Bruno López pregunta como realizaría el a distribución con eses números, e o representante do Bm. Tui comenta que non ve outra alternativa pero que simplemente quere facer constar que lle parecen poucos.

PROPOSTA 5: 1ª Autonómica Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións. (coa modificación do punto 3 da proposta corrixindo o erro en canto ao número de equipos que condicionan o formato).

PROPOSTA 6: 2ª Autonómica Masculina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente explica todas as propostas de competición de categorías base. A representante do Balonmán Caselas comenta que as ligas prata comezan moi tarde, intervén tamén o representante do Club Cisne para apoiar a postura do Bm. Caselas, ao que se suma o representante do Bm. Reconquistade Vigo. O representante do Bm.

Luceros di que está de acordo con crear unha competición previa para os equipos que teñen claro que queren participar en Liga Prata pero que debe haber seriedade e impor sancións aos equipos que non cumpran cos mínimos esixidos nunha competición oficial. Bruno López comenta que a federación se compromete a crear esa competición previa e opcional para os equipos que non disputen a Fase Clasificatoria. Procédese á votación:

PROPOSTA 7: Xuvenil Masculina e Xuvenil Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 8: Cadete Masculina e Cadete Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 9: Infantil Masculina e Infantil Feminina.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente da Federación Galega de Balonmán insiste en que o formato das competicións de alevíns e benxamíns está supeditado ás reunións de competicións que se realizarán a comezos de tempada, pero que na tempada 23/24, de novo e á espera da aprobación por parte da Xunta Directiva, dentro da competición federada entrará en calendario a Copa 5x5 Deputación Provincial da Coruña, que se disputará na rúa e se levará a cabo na modalidade de Minibalonmán, tras o éxito da tempada anterior e a través dun acordo ao que se está a chegar coa Deputación Provincial de A Coruña.

Bruno López expón a proposta número 10 e procede á votación:

PROPOSTA 10: Equipo locatario nos sectores.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

Ás 11:45 horas, o presidente invita aos/ás asistentes a facer un receso de 15 minutos e seguir coa Asemblea Ordinaria.

Ás 12:00 retómase a Asemblea; dando paso ás propostas de modificación do NOREBAGA.

PROPOSTA 11: Modificación Artigo 17 (Eliminar Punto 2).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 12: Modificación Artigo 19 (Horarios Última Xornada).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 35 votos a favor e 1 abstencións.

PROPOSTA 13: Modificación Artigo 21 (Taxa Adiantamento Encontro).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 14: Modificación Terminoloxía Xeral.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 15: Modificación Artigo 26 (Terminoloxía Xeral).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente fala do tema da duplicidade de licenzas, comenta os problemas que poden xurdir con este tema, por iso a federación está obrigada a aplicalo con total rigurosidade.

PROPOSTA 16: Modificación Artigo 29 (Ampliar Compatibilidades Adestradores e Axudantes como Delegado de Equipo).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 17: Modificación Artigo 30 (Ampliar as compatibilidades de Adestradores e Axudantes coma Delegado de Campo).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 18: Modificación Artigo 33 (Observacións).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 19: Modificación Artigo 37 (Composición de Equipos).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

PROPOSTA 20: Modificación Artigo 42 (Fondos Arbitrais).

Queda aprobada por 0 votos en contra, 36 votos a favor e 0 abstencións.

O presidente explica a proposta 21 sobre os dereitos de formación, intervén Abel Estévez presidente do Club Balonmán Porriño e di que a sanción debería ser ao club non afectar ao xogador/a; o representante da S.D. Teucro comenta un caso que ocorreu no seu club e que hai que concretar, que non lle parece mala opción a proposta; Bruno López indica que neste caso non realizarán ningunha modificación na proposta porque actualmente hai problemas con algúns casos que con esta modificación na normativa non se darían; procédese á votación.

PROPOSTA 21: Engadir ao Artigo 25 (Dereitos Formación Xogadores/as)

Queda aprobada por 1 voto en contra, 32 votos a favor e 3 abstencións.

Bruno López explica a proposta 22, e o representante do Bm. Sanxenxo, comenta que non pode ser que a palabra dos árbitros/as teña mais valor ca de un adestrador, que se

deberían poder sancionar porque a el lle escribiron un anexo que non era certo; o presidente comenta que o mellor nestes casos, sobre todo en categorías alevíns e benxamíns, nas que se recibiron moitos anexos este ano, é que non haxa ningún problema, en categorías nas que todos recoñecen que o resultado non é importante, o mais relevante debería ser a formación de todos e todas, non debe haber lugar a protestas directas aos membros do colectivo arbitral que están comezando, o ideal é transmitir as propostas de mellora á federación; deste xeito todo se soluciona. O representante do Bm. Reconquista de Vigo felicita á Federación pola captación de novos talentos para o colectivo, que lle consta que se está a facer un esforzo importante. Procédese á votación:

PROPOSTA 22: modificacións R.R.D.g.

Queda aprobada por 0 votos en contra, 35 votos a favor e 1 abstencións.

Dase paso ao momento de rogos e preguntas:

ROGOS E PREGUNTAS:

Bruno López insiste en que se proporán competicións prebenxamíns, en que os clubs deben realizar as aliñacións de equipos a través da App, os criterios que se seguen para autorizar a participación mixta en categoría infantil (dependendo do proxecto), a importancia da gravación dos vídeos dos encontros e aclarou e argumentou que se ninguén tiña ningunha obxección, a Federación Galega de Balonmán non acudiría ao CESA Praia 2023 a primeiro fin de semana de setembro.

O representante do Bm. Luceros traslada 3 rogos:

- Que os horarios dos encontros de 1ª Autonómica se establezan 15 días antes da data establecida para a súa disputa, e se non se pode si marca 10 días que se cumpra).
- Nas bases para as concesións da organización das Final 4, solicita valorar máis os resultados deportivos.
- En canto ao Seguro deportivo propón revisar as cantidades por categoría e tamén tratar de mellorar o servizo, non pode ser que unha xogadora que tivo máis tarde a lesión sexa operada antes que un xogador que se lesionou dous meses antes, hai que supervisar estes casos.

Intervén Fernando Mosquera vicepresidente da Federación e aclara que houbo saturación de quirófanos o que provocou desaxustes na citación dos lesionados/as durante uns meses, pero que o servizo aínda que é mellorable opina que foi bastante bo, que el bota en falla que se lle chame para informar das incidencias e sobre todo que se lle envíen os partes de sinistro, que en moitas ocasións non se realiza

Intervén Juan Quintas polo estamento de xogadores, e comenta que é unha boa nova que haxa mais categorías, pero que si se segue permitindo que xogadores e xogadores compaxinen ata tres equipos diferentes, pódese dar unha situación de sobre competición que aumente aínda mais a sinistralidade; por iso apela ao sentido común e á responsabilidade velando pola seguridade e futuro dos nosos/as deportistas.

Fernando Mosquera, vicepresidente da federación, solicita que se actualicen as fotos da plataforma Isquad, a poder ser coa equipaxe do club; Patricia Sanmiguel, tesoureira di que se comuniquen os cambios de nomes dos clubs e equipos por tema de facturación (Patricia) e Bruno López insiste en que por NOREBA-GA os certificados para administracións teñen un custe, que a federación non o está aplicando pero que por favor se pidan con tempo, porque si se seguen pedindo para o mesmo día ou para o día seguinte a federación precisa destinar unha persoa tan só para iso e teranse que aplicar as tarifas; posteriormente insiste en que a federación está traballando nun proxecto de cámaras de intelixencia artificial para instalar en todos os pavillóns, que espera dar boas novas nos próximos meses.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:00 horas, agradecendo de novo o Presidente a asistencia dos assembleístas


Asdo:

O Presidente:

A Secretaria Xeral:



Don Bruno López Molina



Dona Carla Abad Alonso

En Vigo a 17 de xuño de 2023